

**BOLSAS DE FORMACIÓN DE PERSOAS EXPERTAS EN COOPERACIÓN
INTERNACIONAL PARA O DESENVOLVEMENTO
Orde do 15 de maio de 2017 (DOG 26/05/2017)**

AVALIACIÓN DEFINITIVA DOS MÉRITOS

En cumprimento do disposto na base sétima, apartados primeiro e segundo da Orde do 15 de maio de 2017 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se aproban as bases reguladoras para a convocatoria das bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento, unha vez finalizado o proceso de avaliación dos méritos das persoas solicitantes, a comisión de avaliación, unha vez finalizado o prazo de cinco días hábiles para a realización de consultas e reclamacións sobre a lista provisional e resoltas as mesmas, fai pública na páxina web <http://www.cooperaciongalega.org/>, a lista definitiva de avaliación dos méritos das candidatas por orde alfabética e de puntuación e a convocatoria da segunda fase do proceso de selección (fase de entrevista)

Así mesmo, a comisión decidiu fixar en **5 puntos** a puntuación mínima necesaria na avaliación dos méritos para acceder á entrevista.

Publícanse como anexos a esta resolución:

ANEXOS I e II: Lista das puntuacións definitivas das persoas aspirantes na fase de avaliación dos méritos (por orde alfabética e de puntuación)

ANEXO III: Data, lugar e hora de celebración da entrevista persoal ás persoas aspirantes que acadaran unha puntuación mínima de 5 puntos na avaliación dos méritos

ANEXO IV: Criterios específicos a avaliar na entrevista

A entrevista se realizará o vindeiro **mércores 26 de xullo** e aquelas persoas candidatas que non se presenten a ela perderan o seu dereito á bolsa.

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2017

A presidenta da comisión de valoración

Pilar Romero Rodríguez

